


### 1.3 Utilización doutros dispositivos electrónicos

*Só o teléfono móbil e o DVD amosan un nivel de uso maior que o do computador persoal. Outros dispositivos con capacidade de interacción na rede (TV dixital, videoconsola, PDA) ou introdutores ao ocio dixital (cámara de fotos dixital) presentan graos de penetración inferiores, pero probablemente con ritmos de crecemento moi significativos.*

*Ante a previsión a medio prazo de que estes dispositivos poidan constituír unha porta alternativa ao PC para o acceso á Sociedade da Información, cómpre ter en conta que xa agora existen desigualdades de uso en función do sexo, o hábitat ou a idade.*


En termos xerais, as enquisas amosan que o teléfono móbil e o DVD son os dispositivos TIC máis empregados pola cidadanía galega. De feito, ámbolos dous son incluso máis empregados que o PC (54,9%) e que Internet (49,5%). A creación de utilidade práctica percibida polo usuario sobre estes dous dispositivos é o que orixina un maior uso.




**Figura 57: Porcentaxe de uso de dispositivos TIC.**

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(5)</sup>

Como dato importante, pódese observar que en tódolos dispositivos valorados, o grao de uso por parte dos varóns é maior que o das mulleres (Figura 58), con diferenciais de até dez puntos no teléfono móbil ou na cámara de fotos dixital. Ademais, como manifesta a Figura 59, a idade segue a ser un factor determinante, aínda que, aparentemente, o límite dos 45 anos semella desprazarse cara a idades maiores.




**Figura 58: Uso de dispositivos TIC en función do sexo.**  
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI <sup>(5)</sup>



**Figura 59: Uso de dispositivos TIC en función da idade.**  
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI <sup>(5)</sup>

Por último, o hábitat de residencia é tamén determinante nos niveis de utilización dos dispositivos TIC. Como dato para observar, pódese apreciar como a videoconsola – ligada a mozos e mozas – é a única que non responde ao patrón diferenciador rural/urbano, o que podería significar que os mozos do rural amosan uns niveis de uso do ocio dixital similares aos das cidades.




**Figura 60: Uso de dispositivos TIC en función do hábitat.**

Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI <sup>(5)</sup>

### 1.3.1 Medidas adoptadas en materia de seguridade


*A seguridade é unha das preocupacións da UE en relación coa Sociedade da Información e, de feito, a maioría dos internautas teñen experimentado problemas de seguridade de diferentes niveis e adoptado algún tipo de solución fronte a estes. Pese a isto, preto da metade dos usuarios galegos de PC non teñen adoptado medidas de seguridade nos últimos tres meses.*

Os problemas de seguridade informática con maior incidencia sobre a poboación internauta son, segundo os mesmos usuarios, os correos electrónicos non solicitados nin desexados e os virus informáticos. Estes mesmos datos indican que desde 2004 rachouse a tendencia crecente que presentaban os problemas de seguridade. Segundo as fontes estatais, este patrón de problemáticas en Galiza é coincidente co do conxunto do Estado.



**Figura 61: Usuarios/as da Internet que tiveron problemas de seguridade.**


Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* <sup>(10)</sup>



**Figura 62: Usuarios/as da Internet que tiveron problemas de seguridade.**

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* <sup>(10)</sup>


Este dato estatal é confirmado pola información primaria. Segundo as enquisas elaboradas, o 28,6% dos usuarios galegos do PC tiveron problemas de seguridade no último ano; o principal problema detectado –que ademais supón máis de dous terzos dos totais– é o da perda de información por virus informáticos.



**Figura 63: Principais problemas de seguridade padecidos polos usuarios galegos de PC no último ano.**

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(5)</sup>


En calquera caso, se se relativiza a distribución dos problemas de seguridade sobre o total de usuarios de PC que os sufriron, excluindo o aspecto dos virus menos do 2% pode concretar problemas concretos sufridos no último ano.



**Figura 64: Distribución dos usuarios galegos de PC que padeceron algún tipo de problema de seguridade no último ano.**


Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(5)</sup>

Detrás deste estancamento, como mínimo numérico, dos problemas de seguridade pódese atopar o incremento de solucións neste eido que os usuarios de PC incorporan aos seus equipos: case o 90% dispoñen de antivirus, e algo menos da metade instalou devasa ou filtro de contidos.



**Figura 65: Fogares con acceso á Internet que instalaron programas de seguridade informática.**

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* <sup>(10)</sup>



**Figura 66: Fogares con acceso á Internet que instalaron programas de seguridade informática.**

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* <sup>(10)</sup>

Non obstante, as enquisas sobre os usuarios galegos amosan que, se se rebaixa o período de análise a só tres meses, menos da metade dos usuarios de PC adoptou medidas activas de seguridade nese espazo de tempo.

¿Empregou autenticación on-line nos últimos tres meses?	Sí	12,50%
	Non	60,53%
	Non sabe de que se trata (Non ler)	24,34%
	Non contesta	2,63%
¿Tomou algún tipo de medida en relación coa seguridade nos últimos tres meses?	Sí	46,05%
	Non	46,05%
	Non sabe de que se trata	5,26%
	Non contesta	2,63%
¿Instalou algún tipo de dispositivo de seguridade no seu ordenador persoal e o ten actualizado nos últimos 3 meses?	Sí, instalou e actualizou	46,05%
	Sí, instalou pero non o actualizou	9,87%
	Non	35,53%
	Non sabe/Non contesta (Non ler)	8,55%

**Táboa 2: Relación entre os usuarios de PC e a adopción de medidas de seguridade.**

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* <sup>(5)</sup>